BC5 - Mantemento e reparación das instalacións de enerxía solar fotovoltaica

C5.1 - Instrumentos de medida específicos: solarímetro, densímetro, etc.

Obxectivos específicos

Procedemento de selección e montaxe dos distintos elementos das ISFV

Resultados ou produtos

Plan e secuenciación de montaxe
Interpretación de esquemas unifilares
Montaxe dunha ISFV illada
Montaxe dunha ISFV conectada á rede

Recursos específicos

Compoñentes reais das ISFV
Ferramenta

	Actividade	Descrición	Duración
2	Determinación e resolución de averías nas ISFV	Determinación e resolución das averías comuns nas ISFV	3

Criterios de avaliación

RA5 - Mantén instalacións solares fotovoltaicas aplicando técnicas de prevención e detección, e relaciona as disfuncións coas súas causas.

CA5.1 - Medíronse os parámetros de funcionamento.

CA5.2 - Limpáronse os paneis.

CA5.3 - Revisouse o estado da estrutura de soporte.

CA5.7 - Substituíronse ou reparáronse os compoñentes causantes da avaría.

CA5.8 - Verificouse a compatibilidade do elemento instalado.

CA5.9 - Restablecéronse as condicións de funcionamento do equipamento ou da instalación.

Contidos

BC5 - Mantemento e reparación das instalacións de enerxía solar fotovoltaica

C5.2 - Revisión de paneis: limpeza e comprobación de conexións.

C5.7 - Avarías tipo en instalacións fotovoltaicas.

C5.8 - Sistemas de diagnose de avarías.

C5.9 - Compatibilidade de equipamentos.

BC6 - Conexión á rede das instalacións de enerxía solar fotovoltaica

C6.9 - Verificacións.

Obxectivos específicos

Determinación e resolución das averías comuns nas ISFV

Resultados ou produtos

Resolución de actividades propostas
Entrega de traballos propostos sobre resolución de averías

Recursos específicos

Libro de texto
Equipos de medida

	Actividade	Descrición	Duración
3	Análise de riscos na montaxe e conexionado das ISFV. Medidas de prevención e protección de riscos laborais	Riscos específicos na montaxe dos distintos elementos	2

Criterios de avaliación

RA3 - Monta os paneis solares fotovoltaicos ensamblando os seus elementos, e verifica o seu funcionamento.

CA3.8 - Respectáronse criterios de seguridade e calidade.

RA4 - Monta instalacións solares fotovoltaicas, para o que interpreta documentación técnica, e logo verifica o seu funcionamento.

CA4.8 - Respectáronse criterios de seguridade e calidade.

RA5 - Mantén instalacións solares fotovoltaicas aplicando técnicas de prevención e detección, e relaciona as disfuncións coas súas causas.

CA5.10 - Respectáronse criterios de seguridade e calidade.

RA7 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e equipamentos de prevención.

CA7.1 - Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación dos materiais, as ferramentas, os útiles, as máquinas e os medios de transporte.

CA7.2 - Operouse coas máquinas respectando as normas de seguridade.

CA7.3 - Identificáronse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas, máquinas de corte e conformación, etc.

CA7.4 - Describíronse os elementos de seguridade das máquinas (proteccións, alarmas, paros de emerxencia, etc.) e os equipamentos de protección individual (calzado, protección ocular, indumentaria, etc.) que se deben empregar nas operacións de mecanizado.

CA7.5 - Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas.

CA7.6 - Determináronse as medidas de seguridade e de protección persoal que cumpra adoptar na preparación e na execución das operacións de montaxe e mantemento das instalacións solares fotovoltaicas e as súas instalacións asociadas.

CA7.7 - Identificáronse as posibles fontes de contaminación do contorno ambiental.

CA7.8 - Clasificáronse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.

CA7.9 - Valorouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.

Contidos

BC7 - Prevención de riscos laborais e protección ambiental

C7.3 - Prevención de riscos laborais nos procesos de montaxe e mantemento.

C7.6 - Cumprimento da normativa de protección ambiental.

Obxectivos específicos

Análise de riscos laborais frecuantes na montaxe e mantemento de ISFV

Resultados ou produtos

Resolución de casos prácticos propostos
Entrega de traballos propostos

Recursos específicos

Libro de texto
Páxinas Web de INSHT e ISSGA.
Artículos técnicos

5.1. Procedemento de avaliación inicial.

Ao inicio das actividades do ciclo formativo, o profesor realizará unha avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa do alumnado, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.
Esta avaliación inicial terá en conta os estudos académicos previamente realizados e o tipo de acceso do alumnado. Ademais durante a primeira semana de clase se realizará unha proba escrita para determinar o grao de coñecemento do alumnado dos conceptos básicos necesarios para poder asumir os obxectivos do módulo formativo.
A vista dos informes procedentes da etapa educativa anterior (ESO, ESA, BACHERELATO,), resultados da avaliación inicial e dos datos recolleitos día a día para a elaboración do informe de avaliación individualizado de cada alumno, valorarase a necesidade ou non de aplicar medidas de reforzo e grao de concreción das mesmas. Tamén se valorará se é aconsellable propoñerlle ao alumno flexibilización na duración das ensinanzas conforme se establece no artigo 51 punto 2 e artigo 61 do Decreto114/2010.

6.1. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**10**	**40**	**40**	**10**	**100**
Lista de cotexo	0	25	75	70	**47**
Proba escrita	100	75	25	30	**53**

Procedemento e criterios de cualificación:

Os mínimos esixibles son os enumerados nos criterios de avaliación
Segundo o Artigo 50º punto 1. A cualificación dos módulos profesionais será numérica, entre 1 e 10, sen decimais.
De cada avaliación darase unha cualificación de 1 a 10 que englobará as puntuacións obtidas na avaliación dos contidos, procedementos e actitudes correspondentes aos distintos CA.
A ponderación de ditos apartados é a seguinte:
Conceptos teóricos: 40% (Avaliados a traves das PE e LC)
Coñecementos prácticos: 60% (Avaliados a traves das LC e TO)
Na avaliacion de conceptos mediante pobra escrita será necesario obter un mínimo de 3 puntos en cada unha das dúas partes correpondentes a teoría e a problemas. O peso da parte de Teoría será do 30% e a de problemas do 70% para obter a nota final de dita proba.
"O nivel mínimo que se considera suficiente" para obter a avaliación positiva do módulo virá dado por:
A cualificación obtida nos cuestionarios e probas de contidos nunca poderá ser inferior a 5 puntos (global).
Ter realizado con avaliación positiva as actividades e traballos individuais ou en grupo.
Ter participado con certa regularidade nos debates formulados na aula.
Ter participado activamente na aula durante as clases ó longo do curso.
Non ter perda do dereito á avaliación continua ao longo do curso.
Para o cálculo da nota de avaliación final do módulo, que aparecerá no correspondente boletín de notas, teránse en conta as seguintes situacións:
a) Todas as avaliacións aprobadas. Neste caso realizarase a media aritmética de todas as avaliacións.
b) Algunha avaliación suspensa. Nestes casos a avaliación do módulo considerarase negativa e dicir SUSPENSA, polo tanto a nota do boletín correspondente será inferior o 5. Dita nota será calculada como a media aritmética de todas as avaliacións.

Procedemento e criterios de recuperación

Os criterios de cualificación para o periodo de recuperación e actividadesdo 3º trimestre para os alumnos que lles quede o módulo pendente logo da avalición parcial de módulos no 2º trimestre será idénticos aos establecidos no apartado anterior para o s 2 primeiros trimestres.
Logo da avaliación parcial de módulos ao remate do 2º trimestre do segundo curso empezará o período que se destinará á realización de actividades de recuperación para o alumnado co módulo pendente e que durará todo o 3º trimestre.
Para o alumnado que teña o módulo pendente logo de realizada a avaliación final, o profesor realizará un informe de avaliación individualizado que servirá para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. Non obstante, se o módulo foi superado a cualificación final coincidirá coa obtida na segunda avaliación parcial.
O informe individualizado incluirá :

Unidades formativas pendentes de superar
Para cada unidade incluirase:
Actividades a realizar
Contidos mínimos
Criterios de avaliación.
Data da proba escrita.

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non é de aplicación a este módulo por ser de 2º curso e de quedar suspenso repitiría o módulo completo cunha nova matrícula

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

Como norma xeral, o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10% respecto da súa duración total, de faltas non xustificadas e do 20% do conxunto de faltas xustificadas ou non xustificadassegundo o indicado nas NOFC.
Para tales efectos e con carácter previo, o centro enviará un apercibimento ao alumno ou á alumna cando as faltas de asistencia do módulo superen o 6% respecto da súa duración total. Nel indicarase que perderá o dereito à avaliación continua no módulo de acumular un 10% de inasistencias non xustificadas con respecto a súa duración total. Cando as faltas de asistencia alcancen a citada porcentaxe se comunicará a perda do dereito á avaliación continua. Na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e da comunicación da perda do dereito á avaliación continua.
O alumnado que teña perdido o dereito á avaliación continua terá dereito a unha proba final extraordinaria, no antes da 2ª avaliación parcial de módulos e/ou no mes de xuño, dos contidos mínimos da materia do módulo. . Será de tipo teórico-práctico cun peso relativo do 30-70 %. A proba basearase nos criterios de avaliación correspondentes a cada unidade didáctica

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

Trátase de expor alternativas para aquel alumnado que non consigan os obxectivos das actividades ou, pola contra, que alcance sobradamente os obxectivos previstos, ou aquel alumnado con discapacidades físicas ou psíquicas.
A adaptación curricular derivada da diversidade de aprendizaxe, pasa fundamentalmente polo profesor como medio de asesoramento cara aos alumnos. Este tratará de homoxeneizar o grupo a través das súas observacións, unha acción repetida de conceptos, aclaración de dúbidas, explicacións individualizadas, demostracións máis personalizadas, cambio do método seguido, por medio de recursos didácticos con maior desglose de contidos e fundamentalmente que o alumno repita procesos mal executados será fundamental para que se consigan os coñecementos, procedementos e aptitudes mínimos esixibles propostos nas unidades de traballo.
Outra alternativa a ofrecer pasa sobre o eixo central de contidos mínimos esixibles ás unidades de traballo, de maneira que os alumnos que consigan sobradamente as capacidades desprácense a contidos complementarios da

unidade proposta, e os alumnos que non asimilen os contidos mínimos, desprácense a un resumo de conceptos básicos por cada un dos contidos mínimos esixibles. O grao de contidos virá marcado polo cuestionario de consecución de obxectivos mínimos.

8.1. Programación da educación en valores.

Na lexislación educativa actual dentro dos principios e fins da educación, establece, que un dos principios nos que se inspira o sistema educativo español será: A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.
Asimesmo establécese como un dos fins sobre os que se orientará o sistema educativo español a consecución de: A formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e solidariedade entre os pobos así como a adquisición de valores que propicien o respecto cara aos seres vivos e o medio ambiente, en particular ao valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sustentable.¿
Fomentar a aprendizaxe ao longo de toda a vida implica, ante todo, proporcionar aos xoves unha educación completa, que abarque os coñecemen-tos e as competencias básicas, ás que se refire o artigo 6.1 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, e que forman parte do currículo, que resultan necesarias na sociedade actual, que les permita desenvolver os valores que sustentan a práctica da cidadanía democrática, a vida en común e a cohesión social, que estimule neles e elas o desexo de seguir aprendendo e a capacidade de aprender por si mesmos.
A sociedade require algo máis que persoas adestradas para a función específica do mundo do traballo. Necesita profesionais con motivacións e capacidades para a actividade creadora e independente, tanto no desempeño laboral como investigativo, ante os desafíos do coñecemento e información científico-técnica e da realización do seu ideal social e humano.
Son tres as condicións para a educación en valores en Formación Profesional:
Primeira: coñecer ao estudante en canto a: determinantes internas da personalidade (intereses, valores, concepción do mundo, motivación, etc.); actitudes e proxecto de vida (o que pensa, o que desexa, o que di e o que fai).
Segunda: coñecer o contorno ambiental para determinar o contexto de actuación (posibilidades de facer).
Terceira: definir un modelo ideal de educación.
A educación en valores na Formación Profesional está dirixida cara ao desenvolvemento da cultura profesional. Os novos fenómenos e procesos que a sociedade contemporánea procrea, as interrogantes, expectativas e incertezas sobre o futuro da humanidade, fan da análise e a reflexión un imperativo para definir desde unha perspectiva estratéxica e conxuntural o desenvolvemento social de cada nación.
A personalidade profesional maniféstase a través do conxunto de trazos presentes no individuo, na actividade profesional, nos marcos de determi-nada comunidade e contexto; exemplos diso son:
Amor á actividade profesional.
Sentido de respecto socioprofesional.
Estilo de procura profesional creativo-innovador.
A formación e o desenvolvemento de valores profesionais debe partir do modelo do profesional, da cultura profesional. O modelo de formación do profesional debe ser sistémico e pluridimensional, contendo en si o sistema de valores da profesión.
Modelo de formación del profesional
Dimensións Valores que se forman
Cognitiva Saber
Técnica Eficacia
Ética Dignidade
Estética Sensibilidade
Neste modelo de valores profesionais considérase valor supremo a dignidade profesional, que se refire ao desenvolvemento do exercicio da profesión.
Educar en valores é, en definitiva, educar na consciencia e para a conciencia persoal, moral e social.

9.1. Actividades complementarias e extraescolares.

Están previstas as as seguintes actividades:
Visita a unha Central de xeración eléctrica FV
Visita ás Instalacións FV do IES 12 de Outubro
Xornadas técnicas impartidas por persoal de empresas de material eléctrico
A realización destas actividades queda supeditada á dispoñibilidade do profesorado e a conveniencia pedagóxica en

función do tipo de alumnado dos distintos cursos.
Si durante o curso xurdira algunha outra actividade , aquí non relacionada, de interese para o departamento estudarase a súa conveniencia na reunión de Dto. mais cercana
PLAN LECTOR:
Realización de lecturas acorde co indicado no Plan Lector do Centro:
Lectura diaria de ITC correspondente ao RBT , e quincenal dun artigo técnico designado polo profesor na páxina Web www.voltimum.es

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

En primeiro lugar, levarase a cabo un proceso de avaliación continuo no que debe terse en conta a actualización permanente que é necesario ter da normativa e das innovacións tecnolóxicas que os contidos do módulo sofren ó longo do curso. Polo tanto, ao final de cada curso escolar as modificacións na programación serán discutidas e consensuadas entre o profesorado do ciclo formativo e presentadas despois no Departamento.
En segundo lugar, realizarase un control do grao de cumprimento das actividades programadas por parte do profesor. Con respecto ao cumprimento da programación farase un control diario da materia impartida e realizarase a comparación coa programación teórica para ver as posibles causas e as correccións pertinentes por parte do profesor. Estose reflictirase mensualmente na plataforma PROENS na aplicación de seguimento da programación
A maiores cada departamento realizará cunha frecuencia mínima mensual, o seguimento das programacións de cada módulo, no cal se reflectirá o grao de cumprimento con respecto a programación e a xustificación razoada no caso de desviacións. Levantarase acta de dito control.

11.1. Outros apartados.

1. Recursos didácticos

Encerado interactivo
Presentacións PWP
Páxinas Web vídeos.
Ordenador
Software
Proxectos
Libros de consulta
Revistas especializadas
Artículos de prensa
Apuntamentos realizados polo profesor.
Paneis de ISFV

PROGRAMACIÓN LOOIFP

Versión Docente

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32009116	IES 12 de Outubro	Ourense	2025/2026

Datos da programación

Ensinanza	Ciclo formativo/Curso de especialización	Grao
Graos D: Ciclos formativos	D2ELE000100 - Instalacións eléctricas e automáticas	CM

Módulo
MP1709 - Itinerario persoal para a empregabilidade I (1º)

Tipo de oferta	Modalidade	Réxime dual	Grupo
Réxime xeral-ordinario	Presencial	Xeral	A

Sesións semanais	Horas anuais	Duración Sesións	Sesións anuais	Sesións centro	Identificador
4	107	50	128	128	

Etiquetas

Profesorado responsable

Docentes
Osorio Blanco, Susana

Contido **Páxina**

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo. 3

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas 3

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas. 4

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades. 15

5.1. Procedemento de avaliación inicial. 48

6.1. Criterios de cualificación e recuperación 48

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 49

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua 49

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados. 49

8.1. Programación da educación en valores. 50

9.1. Actividades complementarias e extraescolares. 50

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente. 50

11.1. Outros apartados. 50

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

A finalidade deste módulo é axudar aos estudantes a coñecer as variables individuais que poden desenvolver ao longo da súa vida e que redundan na mellora da súa empregabilidade, así como as posibilidades de inserción laboral nun ámbito socioprodutivo que, a pesar de estar en constante cambio, debe garantir sempre as condicións de traballo en función da normativa laboral e sectorial vixente, que se pretende que o coñeza o alumnado. Por outra banda, adquírense as competencias necesarias para incorporarse ao período formativo na empresa ou no organismo equivalente, respectando a normativa de prevención de riscos laborais, e para o desempeño nela das funcións de nivel básico en Seguridade e Saúde Laboral establecidas. na normativa vixente. Espérase que esta formación, situada na intersección entre o ensino e o mundo laboral, facilite a inserción de mozos e adultos no mercado laboral, así como a súa progresión profesional.

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
Unidade formativa MP1709_12 - Prevención de riscos laborais				
1	A prevención de riscos. Dereitos e deberes	Análise dos conceptos básicos de prevención de riscos laborais e estudo dos dereitos e obrigas en materia de prevención	5	10
2	Factores de risco laboral	Análise dos distintos factores de risco laboral, danos que poden orixinar e medidas de prevención e de protección	15	25
3	A prevención des riscos: lexislación e organización	Análise da principal normativa de prevención, identificación das formas de organización da prevención e da participación dos traballadores nesta materia	5	14
4	Emerxencias e primeiros auxilios	Análise do plan de autoprotección e identificación das principais prácticas de primeiros auxilios e actuación en caso de emerxencia. 11 10 X 5 A relación laboral	10	11
Unidade formativa MP1709_22 - Empregabilidade e relacións laborais				
1	A relación laboral	Coñecemento da normativa reguladora da relación laboral, os requisitos para falar dela, dereitos e deberes derivados dun contrato de traballo. Xornada e salario	10	9
2	Modalidades de contratación laboral	Estudo dos principais requisitos para cada un dos tipos de contratos de traballo	5	7
3	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo	Análise dos requisitos para que o empresario leve a cabo unha modificación, suspensión ou extinción do contrato e dos dereitos que asisten ao traballador	10	14
4	A representación dos traballadores e medidas de conflicto colectivo	Estudo dos representantes dos traballadores: tipoloxía, dereitos, obrigas, garantías. Análise das medidas de conflicto colectivo	5	4
5	Nóminas e Seguridade Social	Interpretación da nómina dun traballador, análise das prestacións da seguridade social e cálculo de supostos de incapacidade temporal e desemprego	15	14
6	O teu sector profesional	Analizar as principais características do teu sector profesional, das cualificacións requeridas, das soft skills, postos de traballo.	5	5

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
7	A túa folla de ruta profesional	Análise do teu potencial persoal, os teus intereses e elaborar a túa folla de ruta profesional.	10	10
8	Autonomía formativa e identidade dixital	Elabora o teu itinerario formativo para mellorar a túa empregabilidade.	5	5

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.

UNIDADE FORMATIVA: MP1709_12 - Prevención de riscos laborais

UD	Título da UD	Duración
1	A prevención de riscos. Dereitos e deberes	10

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente.		
CA1.1 - Valorouse a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e as actividades da empresa ou do organismo equiparado, relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora, e identificando e clasificando os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nas contornas de traballo do sector profesional relacionado co título.	PE	20
CA1.5 - Determináronse os principais dereitos e deberes en materia de prevención de riscos laborais.	PE	50
CA1.8 - Determináronse os requisitos e as condicións para a vixilancia da saúde da persoa traballadora e a súa importancia como medida de prevención.	PE	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - A prevención de riscos laborais na empresa
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Relación entre traballo e saúde.
Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar situacións de risco na súa contorna laboral.
Marco normativo.
Principais técnicas de prevención.

Contidos
Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en materia de prevención de riscos laborais.
Protección de persoas traballadoras en especiais situacións de vulnerabilidade (menores, maternidade e persoas especialmente sensibles a determinados riscos).
Análise das condicións e dos límites da vixilancia da saúde na empresa, e das repercusións dos resultados dos recoñecementos médicos na relación laboral.
Composición da caixa de primeiros auxilios.

UD	Título da UD	Duración
2	Factores de risco laboral	25

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente.		
CA1.2 - Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais relacionados co perfil profesional do título, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais.	PE	50
CA1.3 - Determinouse a avaliación de riscos na empresa ou no organismo equiparado e definíronse as técnicas de prevención e de protección que deben aplicarse para evitar os danos na súa orixe e minimizar as súas consecuencias.	PE	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - A prevención de riscos laborais na empresa
Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.
Tipoloxía dos danos: patoloxías específicas (accidentes de traballo e doenzas profesionais) e outras patoloxías relacionadas cos riscos psicosociais (estrés laboral, acoso e outras formas de violencia laboral, fatiga etc.).
Análise dos factores de risco derivados das condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais na empresa ou no organismo equiparado do sector produtivo do ciclo formativo.

UD	Título da UD	Duración
3	A prevención des riscos: lexislación e organización	14

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en		

Criterios de avaliación	IA	%
prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente.		
CA1.6 - Clasificáronse as formas de xestión da prevención na empresa ou no organismo equiparado, en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais, e determináronse as formas de representación das persoas traballadoras na empresa ou no organismo equiparado en materia de prevención de riscos.		
CA1.6.1 - Clasificáronse as principais medidas de prevención e protección, con atención espe	PE	20
CA1.6.2 - Identificáronse as distintas sinais de seguridade	PE	10
CA1.6.3 - Identificáronse as modalidades de organización de prevención	PE	20
CA1.6.4 - determináronse as formas de representación dos traballadores na empresa con competencias en materia de prevención	PE	20
CA1.6.5 - identificáronse os organismos públicos con competencias en materia de prevención	PE	20
CA1.7 - Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa ou no organismo equiparado que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia, e reflexionouse sobre o contido deste.	LC	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - A prevención de riscos laborais na empresa
Medidas de protección individual e colectiva: equipamentos de protección individual e sinalización de seguridade.
Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
Órganos de representación e participación das persoas traballadoras na prevención de riscos laborais.
Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.
Planificación da prevención de riscos na empresa ou no organismo equiparado: contido mínimo dun plan de prevención.

UD	Título da UD	Duración
4	Emerxencias e primeiros auxilios	11

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais		

Criterios de avaliación	IA	%
vixente.		
CA1.4 - Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.	PE	40
CA1.9 - Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante distintos tipos de danos, así como a composición e o uso da caixa de primeiros auxilios.	PE	60

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - A prevención de riscos laborais na empresa
Protocolos de actuación ante diversas situacións de emerxencia na empresa.
Obrigas das empresas ou os organismos equiparados ante as emerxencias.
Actuación en caso de risco grave e inminente.
Plan de emerxencia e evacuación en contornas de traballo.
Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.
Aplicación das principais técnicas de primeiros auxilios.
Actuación responsable en situacións de emerxencia e primeiros auxilios.

UNIDADE FORMATIVA: MP1709_22 - Empregabilidade e relacións laborais

UD	Título da UD	Duración
1	A relación laboral	9

Criterios de avaliación	IA	%
RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea, identificándoas nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e, sinaladamente, no convenio colectivo do sector.		
CA4.1 - Analizáronse as obrigas e os dereitos derivados da relación laboral, así como as condicións de traballo pactadas nun convenio colectivo aplicable ao sector profesional relacionado co título.		
CA4.1.4 - Analizar os principais dereitos e deberes derivados do contrato de traballo	PE	90
CA4.3 - Identificáronse as características definitorias das novas contornas de organización do traballo e os dereitos que levan consigo.	PE	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC4 - As relacións laborais por conta allea
Dereito do traballo.
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.
Análise da relación laboral individual.
Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución etc.
Elementos, características e requisitos de formalización do contrato de traballo.

UD	**Título da UD**	**Duración**
2	Modalidades de contratación laboral	7

Criterios de avaliación	**IA**	**%**
RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea, identificándoas nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e, sinaladamente, no convenio colectivo do sector.		
CA4.2 - Compáraronse as principais modalidades de contratación, e localizáronse os modelos nas fontes oficiais.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC4 - As relacións laborais por conta allea
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.
Novas contornas na organización do traballo e as súas implicacións nas relacións laborais.
Retos laborais derivados da contorna dixital.

UD	**Título da UD**	**Duración**
3	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo	14

Criterios de avaliación	**IA**	**%**

Criterios de avaliación	IA	%
RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea, identificándoas nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e, sinaladamente, no convenio colectivo do sector.		
CA4.5 - Identificáronse os recursos laborais existentes ante as vicisitudes que se poden dar na relación laboral.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC4 - As relacións laborais por conta allea
Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.

UD	Título da UD	Duración
4	A representación dos traballadores e medidas de conflicto colectivo	4

Criterios de avaliación	IA	%
RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea, identificándoas nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e, sinaladamente, no convenio colectivo do sector.		
CA4.1 - Analizáronse as obrigas e os dereitos derivados da relación laboral, así como as condicións de traballo pactadas nun convenio colectivo aplicable ao sector profesional relacionado co título.		
CA4.1.1 - Analizase o papel da representación dos traballadores,	PE	40
CA4.1.2 - Analízase o convenio colectivo do sector	PE	30
CA4.1.3 - Analízanse as medidas de conflicto colectivo: requisitos e consecuencias	PE	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC4 - As relacións laborais por conta allea
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación.
Sindicatos de traballadores e traballadoras, e asociacións empresariais.
Representación das persoas traballadoras na empresa.

Contidos
Conflitos colectivos na empresa.

UD	Título da UD	Duración
5	Nóminas e Seguridade Social	14

Criterios de avaliación	IA	%
RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea, identificándoas nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e, sinaladamente, no convenio colectivo do sector.		
CA4.4 - Identifícáronse os compoñentes do recibo de salario.	PE	30
CA4.6 - Analizouse o papel da Seguridade Social como piar esencial para a mellora da calidade de vida da cidadanía.		
CA4.6.1 - valorouse o papel da seguridade social e as obrigas de empresarios e traballadores	PE	10
CA4.6.2 - Analizáronse as principais prestacións contributivas da Seguridade Social	PE	30
CA4.7 - Analizáronse as principais prestacións derivadas da extinción da relación laboral.	PE	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC4 - As relacións laborais por conta allea
Análise do recibo de salario e das súas partes.
Seguridade Social e estado do benestar.
Estrutura do sistema de Seguridade Social.
Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.
Prestacións contributivas da Seguridade Social (incapacidade temporal e permanente, nacemento de fillos e fillas, morte e supervivencia, e xubilación).
Protección por desemprego: requisitos e trámites. Cálculo da prestación.

UD	Título da UD	Duración
6	O teu sector profesional	5

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Distingue as características do sector produtivo e define os postos de traballo, relacionándoos coas competencias profesionais expresadas no título.		
CA1.1 - Analizáronse as principais oportunidades de emprego e de inserción laboral no sector profesional, identificando as posibilidades de emprego e analizado os seus requisitos actuais para o perfil profesional.		
CA1.1.1 - analiza as cualificacións profesionais do título profesional	LC	20
CA1.1.2 - analiza para qué serve o teu sector profesional	LC	20
CA1.1.3 - estuda as opcións profesionais	LC	20
CA1.3 - Reflexionouse sobre as actitudes e as aptitudes requiridas actualmente para a actividade profesional relacionadas co título, así como as competencias persoais e sociais máis relevantes para o sector, identificando a zona de desenvolvemento próximo.		
CA1.3.1 - Identifica as actitudes e as aptitudes máis demandadas no teu sector profesional	LC	20
CA1.3.2 - analiza o impacto da IA no teu sector profesional e nas túas cualificacións	LC	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - O traballo no sector
Tendencias do mercado laboral e oportunidades emerxentes.
Competencias persoais e sociais máis demandadas no mercado laboral actual.
Análise do sector profesional do título do ciclo formativo. Situación laboral actual e futura.
Identificación e descrición dos postos de traballo relacionados co perfil profesional do título: características, funcións, competencias, formación, actitudes e aptitudes requiridas.
Intelixencia artificial e automatización no mercado laboral e no sector profesional do título do ciclo formativo.
Traballo por conta allea e traballo por conta propia.
Traballo na Administración pública.
Análise das competencias profesionais e requisitos para o ingreso na Administración pública

UD	Título da UD	Duración
7	A túa folla de ruta profesional	10

Criterios de avaliación	IA	%
RA2 - Analiza e avalía o seu potencial profesional e os seus intereses para guiarse no proceso de autoorientación, e elabora unha folla de ruta para a inserción profesional con base na análise das competencias, os intereses e as destrezas persoais.		
CA2.1 - Avaliáronse as motivacións, as habilidades, as destrezas e os intereses propios no marco dun proceso de autococoñecemento.	LC	10
CA2.2 - Analizáronse as calidades e as competencias persoais afíns á actividade profesional relacionada co perfil do título.	LC	10
CA2.3 - Determináronse as competencias persoais e sociais con valor para o emprego.	LC	10
CA2.4 - Sinaláronse as preferencias profesionais, os intereses e as metas no marco dun proxecto profesional.	LC	10
CA2.5 - Valorouse o concepto de autoestima no proceso de procura de emprego.	LC	5
CA2.6 - Identificáronse as fortalezas, as debilidades, as ameazas e as oportunidades propias para a inserción profesional.	LC	10
CA2.7 - Identificáronse expectativas de futuro para inserción profesional analizando competencias, intereses e destrezas persoais.	LC	10
CA2.8 - Valoráronse fitos importantes na traxectoria vital con valor profesionalizador.	LC	5
CA2.10 - Formuláronse obxectivos profesionais e determináronse metas persoais e profesionais para a mellora da empregabilidade e as condicións de inserción laboral.	LC	10
CA2.11 - Trazouse un plan de acción para desenvolver as áreas de mellora e potenciar as fortalezas persoais con valor para o emprego.	LC	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC2 - Autocoñecemento e proxecto persoal
Autocoñecemento, autonomía persoal e autopercepción.
Capacidade autocrítica. Iniciativa persoal. Pensamento creativo.
Autoestima: confianza, perseveranza e seguridade nun mesmo.
Autoanálise e toma de decisións académicas e profesionais.
Habilidades sociais e habilidades de comunicación.

Contidos
Estratexias para superar as eivas de comunicación.
Habilidades de organización e xestión.
Equipos de traballo. Importancia do traballo colaborativo. Liderado como trazo da personalidade.
Conflito: concepto, causas, tipos e resolución. Negociación.
Identificación e autoanálise de intereses, capacidades, motivacións, aptitudes, fortalezas e debilidades persoais para o proxecto profesional ao que se aspire.
Aspiracións e metas: definición de obxectivos profesionais.
Autoanálise e avaliación do potencial profesional en relación cos requisitos actuais do perfil profesional do título. DAFO persoal.
Axudas e recursos para superar carencias e afrontar retos persoais: probas obxectivas e tests psicométricos.
Servizos de orientación académica. Programas, oportunidades e axudas para a formación.

UD	Título da UD	Duración
8	Autonomía formativa e identidade dixital	5

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Distingue as características do sector produtivo e define os postos de traballo, relacionándoos coas competencias profesionais expresadas no título.		
CA1.2 - Comparáronse os requisitos esixidos polo mercado laboral coas esixencias para o traballo na función pública relacionados co sector privado.	LC	5
RA2 - Analiza e avalía o seu potencial profesional e os seus intereses para guiarse no proceso de autoorientación, e elabora unha folla de ruta para a inserción profesional con base na análise das competencias, os intereses e as destrezas persoais.		
CA2.9 - Identificáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional.	LC	10
RA3 - Aplica as estratexias para a aprendizaxe autónoma recoñecendo o seu valor profesionalizador, deseñando e optimizando a súa propia contorna de aprendizaxe facendo uso das tecnoloxías dixitais como ferramentas de aprendizaxe autónoma, e sendo coherente coa súa identidade dixital e os seus propios obxectivos profesionais formulados no seu plan de desenvolvemento individual.		
CA3.1 - Tomouse conciencia da responsabilidade individual no desenvolvemento profesional, valorando a actitude de aprendizaxe permanente para o desenvolvemento das propias e das novas competencias.	LC	10
CA3.2 - Identificouse a empregabilidade como capacidade de adaptación á contorna laboral.	LC	5
CA3.3 - Coñecéronse e utilizáronse ferramentas, fontes de información, conexións e actividades para a configuración dunha contorna persoal de aprendizaxe para a empregabilidade.	LC	10
CA3.4 - Púxose en práctica a competencia dixital para configurar unha contorna persoal de aprendizaxe para a empregabilidade.	LC	10

Criterios de avaliación	IA	%
CA3.5 - Analizouse o concepto de identidade dixital e o seu impacto na empregabilidade.	LC	15
CA3.6 - Xustificouse o deseño da súa contorna de aprendizaxe baseada en como esta mellora a empregabilidade.	LC	5
CA3.7 - Elaborouse o seu plan de desenvolvemento individual como ferramenta para a mellora da empregabilidade.	LC	10
CA3.8 - Aplicáronse as ferramentas de aprendizaxe autónoma para o seu desenvolvemento persoal e profesional.	LC	10
CA3.9 - Deseñouse a contorna de aprendizaxe que permite alcanzar o plan de desenvolvemento individual	LC	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC2 - Autocoñecemento e proxecto persoal
Ferramentas dixitais na interacción cos demais. Networking.
Información sobre a estrutura do sistema educativo.
Itinerarios académicos: información sobre as opcións para cursar na formación profesional, noutros estudos postobrigatorios e nos estudos superiores.
Identificación e análise dos itinerarios formativos profesionais relacionados co título do ciclo formativo.
Oportunidades de formación e emprego en Europa.
A formación permanente na traxectoria laboral e profesional como factor clave para a adaptación ao cambio.
BC3 - Aprendizaxe autónoma e competencia dixital para a mellora da empregabilidade
Contorna de aprendizaxe para a empregabilidade.
Identificación e análise das necesidades persoais de aprendizaxe para a empregabilidade.
Ferramentas e fontes de información e formación: cursos en liña ou webinarios; libros, blogs; plataformas, aplicacións móbiles; certificacións en liña; grupos de discusión.
Rede persoal de aprendizaxe: redes sociais, profesionais e de comunicación.
Deseño dunha contorna persoal de aprendizaxe para o desenvolvemento persoal e profesional.
O plan de desenvolvemento indivual: concepto.
Importancia do plan de desenvolvemento individual como ferramenta para maximizar o potencial e o desenvolvemento persoal e profesional.
Necesidade dunha avaliación periódica do progreso no plan de desenvolvemento individual.
Identidade dixital: concepto e características.
Pegada e reputación dixital.

Contidos
Xestión de identidades dixitais: persoal e profesional. Riscos derivados dunha xestión inadecuada.
Protección de datos persoais e identidade dixital.
Relevancia da identidade dixital para a empregabilidade.

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades.

UNIDADE FORMATIVA: Prevención de riscos laborais

UD	Título da UD	Duración
1	A prevención de riscos. Dereitos e deberes	10

	Actividade	Descrición	Duración
1	Saúde e traballo	Definición do concepto de saúde e análise da relación entre o traballo e a saúde	1

Criterios de avaliación

RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente.

CA1.1 - Valorouse a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e as actividades da empresa ou do organismo equiparado, relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora, e identificando e clasificando os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nas contornas de traballo do sector profesional relacionado co título.

Contidos

BC1 - A prevención de riscos laborais na empresa

C1.1 - Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.

C1.2 - Relación entre traballo e saúde.

C1.4 - Marco normativo.

C1.8 - Principais técnicas de prevención.

Obxectivos específicos

Relacionar a influencia da saúde no traballo e viceversa

Resultados ou produtos

Explicación de saúde laboral e a súa influencia no traballo

Recursos específicos

aula virtual
apuntes proporcionados pola profesora
textos legais
power point
artigos
INSHT

	Actividade	Descrición	Duración
2	Conceptos básicos de prevención	Definición dos conceptos máis importantes e empregados en prevención de riscos laborais	4

Criterios de avaliación

RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente.

CA1.5 - Determináronse os principais dereitos e deberes en materia de prevención de riscos laborais.

Contidos

BC1 - A prevención de riscos laborais na empresa

C1.3 - Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar situacións de risco na súa contorna laboral.

C1.13 - Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en materia de prevención de riscos laborais.

Obxectivos específicos

Identificar os principais conceptos relacionados coa prevención de riscos

Resultados ou produtos

Definición de conceptos de prevención

Recursos específicos

aula virtual
power point
textos legais
páxinas organismos oficiais

	Actividade	Descrición	Duración
3	Dereitos e deberes en materia de prevención	Identificación das principais obrigas e dereitos en prevención para emrpesario e traballador	5

Criterios de avaliación

RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente.

CA1.8 - Determináronse os requisitos e as condicións para a vixilancia da saúde da persoa traballadora e a súa importancia como medida de prevención.

Contidos

BC1 - A prevención de riscos laborais na empresa

C1.14 - Protección de persoas traballadoras en especiais situacións de vulnerabilidade (menores, maternidade e persoas especialmente sensibles a determinados riscos).

C1.20 - Análise das condicións e dos límites da vixilancia da saúde na empresa, e das repercusións dos resultados dos recoñecementos médicos na relación laboral.

C1.23 - Composición da caixa de primeiros auxilios.

Obxectivos específicos

Identificar os principais dereitos e obrigas en materia de prevención

Resultados ou produtos

Relación de dereitos e obrigas en materia de prevención

Recursos específicos

aula virtual
power point
textos legais
páxinas organismos oficiais

UD	Título da UD	Duración
2	Factores de risco laboral	25

	Actividade	Descrición	Duración
1	Riscos laborais, danos profesionais e medidas de prevención	identificación os principais riscos laborais, os danos que poden orixinar na saúde e as medidas de prevención	18

Criterios de avaliación

